

**RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 18 DE XUÑO DE 2013, POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA A APLICACIÓN DA REDUCIÓN RETRIBUTIVA DISPOSTA NOS ARTIGOS 37 E 38 DA LEI 2/2013, DO 27 DE FEBREIRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2013.**

A Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm. 42, do 28 de febreiro), especifica os gastos de persoal das Universidades no capítulo III, artigos 37 a 39. O artigo 37, tras autorizar o límite máximo dos custos de persoal de cada unha das Universidades do SUG, sinala:

“Dous. As retribucións do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia reduciranse nunha porcentaxe equivalente á obtida da aplicación do indicado na letra d) da alínea Un do artigo 21 desta lei sobre as retribucións íntegras anuais do persoal funcionario da Xunta de Galicia, e este axuste deberá supoñer no seu conxunto un 5 % da masa salarial de cada entidade.

Tres. A devandita redución aplicarase sobre os conceptos retributivos dos que a súa regulación non sexa de competencia estatal e acordarase ao abeiro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, respectando o exercicio da autonomía universitaria. Esta redución seralle aplicable a todo o persoal conforme as súas retribucións íntegras anuais e independentemente da súa relación laboral e da aplicación orzamentaria coa que se financie.

Catro. Para o caso de que ao longo do exercicio 2013 se modifique a normativa básica do Estado en materia retributiva, esta redución será absorbida por ela.”

A continuación, o artigo 38, tras establecer as contías das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora, sinala no apartado Dous: “Sobre as anteriores contías practícanse os axustes precisos para acadar a redución sinalada no artigo 37.”

Con data 18 de abril de 2013, a Consellería de Facenda comunicou os Criterios interpretativos sobre o axuste retributivo das entidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia previsto nos artigos 37 e 38 da Lei de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013. Estes criterios foron ditados pola Xunta de Galicia tras varias reunións coas xerencias das tres Universidades galegas, co obxecto, como indica, de coordinar criterios comúns de aplicación da Lei 2/2013, xa que por parte das Universidades, ademais de mostrar o seu total rexeitamento a esta medida xeral de redución retributiva, obsérvanse problemas na súa aplicación técnica sobre os distintos colectivos de persoal universitario, que fan que este recorte salarial teña ademais un compoñente non homoxéneo, regresivo e desincentivador na carreira docente, investigadora e administrativa.

Despois de consultar á Dirección Xeral da Función Pública, á Secretaría Xeral de Universidades e á Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma, a Consellería de Facenda descartou as posicións das Universidades por considerar que no fondo afectaban a conceptos retributivos de competencia estatal.

Polo que respecta ao ámbito subxectivo de aplicación dos criterios de redución retributiva, esténdese a todo o persoal do sector público autonómico, especificado no artigo 13. Seis da propia Lei 2/2013, no que se recollen as entidades integrantes do SUG. Debe significarse que o artigo 37. Tres desta Lei dispón que a redución retributiva aplicarase a todo o persoal conforme as súas retribucións íntegras anuais e independentemente da súa relación laboral e da aplicación orzamentaria coa que se financie, debéndose entender que este financiamento ten que proceder do ámbito competencial autonómico, tal e como dispón o propio precepto.



Por todo isto, ao abeiro das atribucións conferidas por la Resolución Reitoral do 16 de xaneiro de 2012, co obxecto de dar cumprimento ao mandato legal recollido nos artigos 37 e 38 da Lei 2/2013, en aplicación dos criterios establecidos para o efecto pola Xunta de Galicia, que se unen como anexo desta resolución, e tras as reunións que tiveron lugar coas Mesas de negociación tanto de Persoal Docente e Investigador como de Administración e Servizos os días 22 de maio e 13 de xuño de 2013, sen que se puidesen acadar acordos na materia, dítanse as seguintes instrucións:

**PRIMEIRA.- Cálculo da redución retributiva:**

A base para calcular a redución retributiva é o importe íntegro anual das retribucións de cada empregado, despois de descontar a antigüidade (trienios). Para este cálculo non se considerará o custo das contribucións patronais á Seguridade Social ou ao correspondente sistema de mutualismo administrativo, por non formar parte das retribucións dos traballadores.

Sobre esta base, aplicaranse as porcentaxes equivalentes á definida no artigo 21.Un.d) da Lei 2/2013, segundo a táboa que figura no anexo desta resolución (e anexo VIII da Orde da Consellería de Facenda do 11 de marzo de 2013, DOG núm.53 do 15 de marzo).

Para os colectivos cunha xornada inferior á completa, aplicarase a porcentaxe que lle correspondera ao posto de traballo se realizara unha xornada completa.

**SEGUNDA.- Aplicación da redución a cada colectivo:**

Para acadar o importe resultante de aplicar as porcentaxes segundo a establecido na alínea Primeira anterior, a redución calcularase, por colectivos, sobre a seguinte orde de conceptos retributivos:

**1.- Persoal funcionario docente e investigador:**

- a) Complemento específico adicional que se percibe nas pagas extraordinarias de xuño e decembro.
- b) IPC galego.
- c) Complementos retributivos autonómicos.

**2.- Persoal docente e investigador contratado laboral:**

- a) Complemento específico adicional que se percibe nas pagas extraordinarias de xuño e decembro.
- b) IPC galego.
- c) Complementos retributivos autonómicos.
- d) De non ser suficiente a aplicación da redución sobre os conceptos anteriores, calcularase a necesaria redución sobre os restantes conceptos incluídos nas pagas extraordinarias de xuño e decembro.

**3.- Persoal funcionario docente e investigador vinculado do SERGAS:** Tomando como base o total dos seus conceptos retributivos, excluídos os trienios, para obter a porcentaxe que lle corresponda, a redución calcularase sobre os conceptos que devengue na Universidade pola súa vinculación, na seguinte orde:

- a) Complemento específico adicional que se percibe nas pagas extraordinarias de xuño e decembro.
- b) IPC galego.
- c) Complementos retributivos autonómicos.

Polo que respecta aos conceptos devengados polo SERGAS, estarase ao disposto para esta clase de persoal na citada Orde da Consellería de Facenda do 11 de marzo de 2013.

4.- Persoal funcionario de administración e servizos:

- a) Complemento específico adicional dos meses de xuño e decembro.
- b) IPC galego.
- c) Complemento de produtividade.

5.- Persoal laboral de administración e servizos: A aplicación da redución derivada da porcentaxe que corresponda calcularase sobre o conxunto dos seus conceptos retributivos.

6.- Persoal laboral temporal de convenios e proxectos (capítulo 6) financiado pola Xunta de Galicia: A aplicación da redución derivada da porcentaxe que corresponda practicarse sobre o conxunto dos seus conceptos retributivos. No suposto de que se formalicen sucesivos contratos en 2013, a partir da aplicación efectiva en nómina desta Resolución, tomarase como referencia para o cálculo da redución retributiva o vixente ao inicio da cada período contractual. Practicarase a correspondente liquidación á finalización de cada contrato, imputándose o desconto á aplicación orzamentaria que o financia.

En todo caso, non se aplicará ningunha redución retributiva ao persoal desta clase que non acade o importe equivalente a 1,5 veces o salario mínimo interprofesional fixado para 2013 no Real Decreto 1717/2012, de 28 de decembro.

7.- Ao persoal que ostente a condición de alto cargo ou eventual, a redución retributiva derivada da porcentaxe que lle corresponda se lle aplicará sobre o conxunto dos seus conceptos salariais.

8.- Aplicarase unha redución do 5% sobre o conxunto dos seus conceptos retributivos ao persoal emérito, así como ao persoal beneficiario dos plans de xubilación incentivada.

TERCEIRA.- Outras regras de aplicación:

1.- A redución resultante de aplicar as correspondentes porcentaxes sobre os conceptos retributivos sinalados practicarase nas seguintes nóminas:

a) Nas nóminas correspondentes aos meses de xuño e decembro ao persoal funcionario e laboral docente e investigador e ao persoal funcionario e eventual de administración e servizos. En cada unha das dúas nóminas descontarase a metade do total da redución.

b) Nas nóminas dos meses de xuño, setembro e decembro ao persoal laboral de administración e servizos, descontándose e cada unha a terceira parte do total da redución.

c) Nas nóminas mensuais de xullo a decembro para o persoal contratado de proxectos e convenios financiados pola Xunta de Galicia, rateándose proporcionalmente en cada unha delas o total da redución.

d) Ao titular da Xerencia practicarase o desconto mensualizado entre as nóminas de xuño a decembro.


2.- O conxunto da minoración retributiva de cada empregado recollerase na nómina mediante un concepto xeral redutor referido á aplicación dos artigos 37 e 38 Lei 2/2013 de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

3.- Na nómina correspondente ao mes de decembro, ou naquela anterior na que se cause baixa, practicarase a correspondente liquidación pola diferenzas que se puidesen ter devengado por maiores ou menores ingresos nos conceptos retributivos sobre os que se ten que aplicar a redución regulada nesta Resolución.

4.- De acordo co establecido no artigo 87 do Real Decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto da Renda das Persoas Físicas, procederá regularizar o tipo de retención do imposto con motivo das reducións retributivas previstas nesta Resolución nas nóminas nas que se leve a efecto.

A Coruña, 18 de xuño de 2013.

O xerente,



Juan M. Díaz Villoslada.

EQUIPO DE GOBERNO  
SERVIZO DE RETRIBUCIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E ACCIÓN SOCIAL  
SERVIZO DE PDI  
SERVIZO DE PAS  
SERVIZO DE INVESTIGACIÓN  
PDI / PAS  
PERSOAL DE PROXECTOS E CONVENIOS



---

**CRITERIOS INTERPRETATIVOS SOBRE O AXUSTE RETRIBUTIVO DAS ENTIDADES INTEGRANTES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA PREVISTO NOS ARTIGO 37 E 38 DA LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2013**

A Xunta de Galicia vén realizando desde o ano 2009 un esforzo continuado de redución do gasto para adaptarse á forte caída de ingresos. Este esforzo concéntrase no gasto de carácter improdutivo e con el pretende garantir a sostibilidade dos servizos públicos básicos.

A capacidade de gasto está condicionada pola senda da consolidación fiscal marcada pola Unión Europea e vese reducida no orzamento do 2013, mermado nun 7,2% en relación ao orzamento inicial do 2012. Isto implica que se deba complementar o axuste en gasto improdutivo e, por iso, menos prioritario, cun esforzo especial en materia de persoal: ben reducindo as bolsas de incapacidade temporal, ben controlando a taxa de reposición de efectivos e, incluso, reducindo as retribucións.

O importe deste último axuste se establece como unha porcentaxe das retribucións que se aplica sobre a contía adicional de complemento específico dos meses de xuño e decembro do persoal funcionario da comunidade autónoma. O axuste así definido esténdese a todo o persoal do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, para estes efectos especificado no artigo 13. Seis da propia Lei 2/2013, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2013, dentro do que se recolle ao persoal das entidades integrantes do sistema universitario de Galicia.

O mandato legal recollido no artigo 37 da Lei 2/2013 obriga a reducir as retribucións do persoal ao servizo do sistema universitario de Galicia nunha porcentaxe equivalente á obtida de aplicar o indicado no artigo 21. Un d) da mesma lei para o persoal funcionario da Xunta de Galicia e tamén obriga a aplicar o axuste a todo o persoal, dacordo coas súas retribucións íntegras e con independencia da relación laboral e da aplicación orzamentaria coa que se financie. Ademais, establece os límites da redución dicindo que se acorda ao abeiro das competencias da comunidade autónoma, con respecto ao exercizo da autonomía universitaria e con exclusión dos conceptos retributivos nos que a súa regulación sexa de competencia estatal. Por último, determina que para chegar á redución establecida practícaranse os axustes sobre os complementos retributivos autonómicos.

A Xunta de Galicia convocou varias reunións coas entidades integrantes do sistema universitario galego, co obxecto coordinar criterios comúns de aplicación do axuste fixado na Lei 2/2013, nelas manifestáronse os problemas que a aplicación do axuste ten sobre o distinto tipo de persoal ao servizo das universidades, pero, sobre todo, sobre o seu persoal docente e investigador funcionario, polas disfuncións a que pode dar lugar o axuste sobre os complementos autonómicos. Para estes efectos, as institucións universitarias propuxeron unha solución consistente en aplicar a redución retributiva sobre o conxunto das retribucións, mediante un concepto xeral redutor da nómina, sen ter que afectar a cada un dos elementos retributivos de forma individualizada, calculándose así a redución salarial sobre o montante retributivo bruto de cada empregado público.

Despois de consultar á Dirección Xeral da Función Pública, á Secretaría Xeral de Universidades e á Asesoría Xurídica Xeral da comunidade autónoma, descartouse a opción proposta por considerar que no fondo afectaba aos conceptos retributivos de competencia estatal para o PDI funcionario.

Tal e como se acordou nas devanditas reunións e de cara a establecer criterios homoxeneos de axuste nas diferentes entidades que integran o SUG, esta dirección xeral elaborou un conxunto de



critérios que se poderían empregar para aplicar o axuste en base ao realizado co persoal da Xunta de Galicia coa finalidade de proporcionar pautas de actuación común as mencionadas entidades para practicar a redución retributiva de acordo cos principios de universalidade, equidade e progresividade que informan o título II da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, sen prexuízo da competencia que cada unha delas ten atribuída en virtude da autonomía universitaria.

A.- Cálculo do axuste consonte aos principios de equidade e proporcionalidade.

Un.- Considérase que a base para calcular o axuste debería ser o importe íntegro anual das retribucións dos empregados, despois de descontar a antigüidade e a seguridade social.

Dous.- Sobre a base anterior aplicaríanse as porcentaxes equivalentes á definida no artigo 21. Un d) da Lei 2/2013, do 27 de febreiro. Estas porcentaxes son as que se especifican na seguinte táboa.

RETRIBUCIÓNS		%
DESDE	ATA	
71.960,28		7,00%
66.835,56	71.960,27	6,90%
62.804,64	66.835,55	6,60%
55.060,04	62.804,63	6,30%
49.269,39	55.060,03	6,10%
42.312,69	49.269,38	5,75%
39.164,83	42.312,68	5,37%
33.354,96	39.164,82	5,19%
31.721,29	33.354,95	4,92%
28.735,26	31.721,28	4,56%
21.859,48	28.735,25	4,27%
0,00	21.859,47	4,21%

Tres.- Para aqueles colectivos cunha xornada inferior á completa, aplicaríase a porcentaxe que lle correspondera ao posto de traballo se realizara unha xornada completa, de cara a non beneficiar aos que teñan unha fonte de ingresos adicional á da Universidade.

B.- Aplicación do axuste ao persoal funcionario docente e investigador.

Un.- Posibilidade de aplicar a porcentaxe de redución sobre as pagas adicionais do complemento específico dos meses de xuño e decembro.

No acordo da Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas de 25 de setembro de 2006, referente a medidas retributivas e de oferta de emprego público para os anos 2007/2009, abordouse



o obxectivo de incluír nas pagas extraordinarias o 100% do total do complemento específico durante a vixencia do Acordo.

Para que a aplicación desta medida puidera levarse a cabo de forma racional e sen que se produciran disfuncións e desequilibrios nos sistemas retributivos de cada administración pública, admitíase que, dentro das previsións orzamentarias de cada administración, puideran levarse a cabo os axustes necesarios para a súa execución.

En execución deste Acordo, as Leis 42/2006, 51/2007 e 2/2008 de Orzamentos Xerais do Estado para os exercicios 2007, 2008 e 2009 respectivamente, recolleron incrementos da masa salarial dos funcionarios en servizo activo aos que resultase de aplicación o réxime retributivo da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, destinados ao aumento do complemento específico co obxecto de lograr, progresivamente a súa percepción en 14 pagas ao ano, doce ordinarias e dúas adicionais nos meses de xuño e decembro. Estes incrementos non son de aplicación directa ao persoal docente e investigador das Universidades ao non encontrarse dentro do ámbito subxectivo da función pública estatal.

A competencia para determinar o réxime retributivo do persoal docente e investigador universitario corresponde ao Estado, de conformidade co artigo 69 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades. Dito réxime, que será o establecido pola lexislación xeral de funcionarios adecuado, especificamente as características de dito persoal regulase no Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario. É necesario, polo tanto, a aprobación de normas específicas por Acordo do Consello de Ministros ou por Real Decreto para a aplicación do incremento do complemento específico deste persoal. Na actualidade tan só se ditaron, por Acordo do Consello de Ministros, normas específicas para o persoal docente pertencente á Universidade Nacional de Educación a Distancia.

Este é o motivo polo que a Resolución do 25 de maio de 2010, da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos, pola que se ditan instrucións en relación coas nóminas dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de 2 de agosto, nos termos da Disposición final cuarta da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e se actualizan con efectos de 1 de xuño de 2010 as contías das retribucións do persoal a que se refiren os correspondentes artigos da Lei de orzamentos xerais do Estado para dito exercicio, reflicte, no seu Anexo VII, as contías das retribucións do persoal docente das Universidades, establecidas no Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario sen incorporar os incrementos do complemento específico derivados do disposto nas Leis de orzamentos xerais do Estado para os exercicios 2007, 2008 e 2009.

O complemento específico percibido de forma adicional nos meses de xuño e decembro polo persoal docente e investigador das universidades do Sistema Universitario Galego non ven establecido pola normativa básica estatal senón que é aboado polas Universidades como pago a conta dunha futura regulación ou en virtude dunha resolución reitoral ou de feito, sen que exista ningunha norma que vincule ás Universidades a efectuar este incremento, sendo recoñecida esta circunstancia en numerosas sentenzas como a Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo número 1 de Vigo do 23 de febreiro de 2011, a Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela do 29 de outubro de 2010 ou a Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo de Madrid do 19 de xaneiro de 2010.



Por todo o anterior, sen entrar a prexulgar a corrección ou non do pago de tales pagas adicionais, as entidades integrantes do SUG poderán valorar a aplicación de tal axuste retributivo sobre o antedito complemento específico percibido adicionalmente nos meses de xuño e decembro.

Dous.- Outras partidas que será preciso axustar para acadar a porcentaxe sinalada:

- a) O IPC galego.
- b) Os complementos retributivos autonómicos:
  - a. O complemento de recoñecemento ao labor docente.
  - b. O complemento de recoñecemento ao labor investigador.
  - c. O complemento de recoñecemento polos cargos de xestión.
  - d. Complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora.

C.- Aplicación do axuste ao persoal docente e investigador contratado.

Un.- Para chegar a cantidade resultante de aplicar a porcentaxe establecida conforme á alínea primeira, o axuste das retribucións do persoal docente e investigador contratado podería practicarse sobre os seguintes conceptos por orde:

- a) As pagas adicionais do complemento específico dos meses de xuño e decembro.
- b) O IPC galego.
- c) O complemento de produtividade.
- d) Os complementos retributivos autonómicos:
  - a. O complemento de recoñecemento ao labor docente.
  - b. O complemento de recoñecemento ao labor investigador.
  - c. O complemento de recoñecemento polos cargos de xestión.
  - d. Complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora.
- e) De non ser suficiente a aplicación do axuste sobre os anteriores conceptos para chegar a redución resultante de aplicar a porcentaxe procedente, procederíase sobre os restantes conceptos retributivos incluídos nas pagas extraordinarias de xuño e decembro.

Dous.- Para aplicar o axuste sobre os conceptos que se perciban en doce mensualidades e ao persoal que perciba as súas retribucións en doce mensualidades, a redución resultante de aplicar a porcentaxe fixada conforme á alínea primeira debería practicarse de forma rateada nas nóminas pendentes de percibir ata o final do exercizo.

Tres.- Por aplicación do disposto na alínea tres do artigo 37 da Lei 2/2013, a redución de retribucións debería de aplicar a todo o persoal, con independencia da súa relación laboral e da aplicación orzamentaria coa que se financie. Por tanto, estarían afectados polo axuste os investigadores financiados por programas da Administración Xeral do Estado (Ramón y Cajal) e os traballadores contratados a través de todas as modalidades previstas no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

**Catro.-** Aplicación do axuste retributivo ao persoal docente e investigador vinculado do SERGAS.

A este persoal aplicaríase o establecido para o persoal do SERGAS na Orde da Consellería de Facenda do 11 de marzo de 2013, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2013.





**Cinco.**- Aplicación do axuste retributivo ao persoal de administración e servizos funcionario e laboral.

Un.- Para chegar a cantidade resultante de aplicar a porcentaxe establecida conforme á alínea primeira, o axuste das retribucións do persoal de administración e servizos funcionario e laboral podería practicarse sobre os seguintes conceptos:

- a) Pagas adicionais do complemento específico dos meses de xuño e decembro.
- b) Complemento de produtividade.
- c) O IPC galego.
- d) De non ser suficiente a aplicación do axuste sobre os anteriores conceptos para chegar a redución resultante de aplicar a porcentaxe procedente, no caso do persoal de administración e servizos laboral procederíase sobre os restantes conceptos retributivos incluídos nas pagas extraordinarias de xuño e decembro.

Dous.- Para aplicar o axuste sobre os conceptos que se perciban en doce mensualidades e ao persoal que perciba as súas retribucións en doce mensualidades, a redución resultante de aplicar a porcentaxe fixada conforme á alínea primeira debería practicarse de forma rateada nas nóminas pendentes de percibir ata o final do exercicio, respectando en todo caso as bases que para o persoal funcionario dita o Estado.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18 DE ABRIL DE 2013  
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS